

Expte: 2586/500

**MODIFICACIÓN ORDENANZA
FISCAL REGULADORA DAS
TAXAS POLA RECOLLIDA DO
LIXO. (16)**

2020

DIRECCIÓN
DE
INGRESOS

CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 2586 / 500

TIPO EXPTE: ORDENANZAS

SOLICITANTE: Direccion De Ingresos

ORDE DE INICIO DE EXPEDIENTE:

De conformidade co disposto no artigo 11.4 da Lei 2/2012 orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF) resulta necesario acadar unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario no próximo exercicio 2020.

A citada obriga legal xunto co obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais, así como de manter/incrementar a calidade dos servizos prestados, obriga a actualizar as tarifas na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo, polo tanto procede que esta Dirección de Ingresos formule proposta de modificación da citada ordenanza.

Vigo, xuño de 2019
Asina a Directora de Ingresos

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolucions de Delegacións de competencias da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019) e conforme á proposta da Directora de Ingresos que antecede,

ORDENO:

Que pola Dirección de Ingresos se inicie a tramitación da modificación do texto da **Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas Pola Recollida do Lixo**. (16)

Vigo, xuño 2019
Asina: O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2019 10:59

Páxina 1 de 1

Expediente 2586/500

CSV: 23EBC7-41B3DH-59B3D6-25M9XV-FU52UU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**SEDE
ELECTRÓNICA**

Tlf.: 981 698 500
Fax: 981 686 064
www.sogama.es



CONCELLO DE VIGO
Plaza del Rey, sn
36201 Vigo
PONTEVEDRA

A/A.- Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez

Cerceda, 23 de xaneiro de 2019

Asunto: Canon ano 2019

Estimado Alcalde,

Como seguramente coñeza, a LEI 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, achegamos copia, introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente.

Pois ben, no ano 2018 déronse estes requisitos, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ven de establecer unha bonificación no canon unitario para 2019, correspondente ao 10% da contía que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018.

Para poder beneficiarse desta bonificación, o mencionado apartado Tres bis da DA 21 da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece as condicións que as entidades locais deben cumprir e que, sen prexuízo do alí disposto, se resumen no seguinte:

1. A aplicación da bonificación deberá solicitarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., no prazo dun mes dende a publicación no DOG do importe do canon unitario para 2019 e o importe bonificado. (DOG nº 16 do 23 de xaneiro de 2019, achegamos copia)
2. Xunto coa solicitude anterior, deberá acompañarse unha declaración pola que a entidade local se compromete a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo. Nesa declaración deberá constar tamén o compromiso da procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a



recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

3. Por último, dentro dos dous primeiros meses do ano 2020, deberán presentar á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., unha certificación emitida polo órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na declaración anterior. No caso de que non se achegase dita certificación ou que se constatase o incumprimento das condicións establecidas, será de aplicación o canon sen bonificación, que se facturará antes do 30 de marzo do ano 2020.

Dito o anterior, quedamos a súa disposición para aclarar calquera dúbida que, en relación con este asunto, lle poida xurdir.

Sen outro particular, reciba un saúdo.



Asdo. Javier Domínguez Lino
Presidente

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 15 de xaneiro de 2019 pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para o devandito ano.

Antecedentes:

Primeiro. Mediante a Resolución do 19 de xaneiro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, emitida ao abeiro do número dous da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 19, do 26 de xaneiro de 2018, fíxose público o importe do canon unitario que percibirá a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) pola xestión de residuos domésticos ou urbanos para o ano 2018, que se fixa na suma de 69,00 euros por tonelada de residuos xestionada.

Segundo. A teor dos datos fornecidos polo Instituto Nacional de Estatística, a taxa de variación anual do índice de prezos ao consumo correspondente a decembro de 2018 foi do 1,2 %.

Terceiro. De acordo cos resultados económicos obtidos pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama), é posible aplicar unha bonificación para o ano 2019, por importe do 10 % da cantidade que en concepto de canon vixente no ano 2018 é de aplicación a aquelas entidades locais que cumpran os requisitos establecidos na lei.

Fundamentos xurídicos:

I. O Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, de modificación parcial do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, configuran este depar-



tamento como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma con competencias e funcións en materia, entre outras, de ambiente, e adscribe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, ben directamente ou ben a través das súas unidades subordinadas, funcións e competencias en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana e o fomento de sistemas e estratexias de corrección da devandita incidencia, incluíndo diversas atribucións en materia de residuos.

II. A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, sinala que o sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) ao abeiro da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, constitúe un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos, buscando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

O punto dous da devandita disposición fixou o canon unitario de tratamento por tonelada de residuos que deberá percibir a citada entidade e sinala que este se actualizaría anualmente no mes de xaneiro conforme o índice de prezos ao consumo, e que a súa contía se publicaría no *Diario Oficial de Galicia*.

Tomando como base o importe de 69,00 euros correspondente ao canon por tonelada de residuos xestionada vixente no exercicio 2018, o importe actualizado segundo a variación do IPC referida no antecedente segundo ascende a 69,83 euros.

Igualmente, a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu no seu artigo 11, unha modificación da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, mediante a cal se introduce un punto tres bis na disposición adicional vixésimo primeira, na cal se regula a posibilidade de establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non excederá do 10 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

Dándose as circunstancias establecidas nese punto tres bis da mencionada disposición adicional vixésimo primeira, ao concorrer na Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama), circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade, é posible establecer unha bonificación do canon unitario



para o ano 2019 por un importe de ata o 10 % da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018.

Visto canto antecede,

RESOLVO:

Facer público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable, durante o ano 2019, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama), que se fixa na suma de 69,83 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Establecer e facer pública unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10 % da cantidade que en concepto de canon estaba vixente no ano 2018. Desta forma, o canon bonificado establécese en 62,93 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido. O devandito canon bonificado será de aplicación a aquelas entidades locais que cumpran as condicións específicas establecidas nese punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: zcbef3y9-5vd6-qsk8-lbz3-y35hrofs6ho4



CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Referencia: exp. 7128/252

D. Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde do Concello de Vigo e Concelleiro-delegado do área de Fomento, Limpeza e Contratación por resolución da Alcaldía de data 09/07/2018, e D. Jaime Aneiros Pereira concelleiro-delegado do área de Orzamentos e Facenda por resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, declaran que esta entidade local se compromete a adoptar os acordos orzamentarios e de orde económica e administrativa que sexan necesarios para dar cumprimento ao regulado no apartado 3 bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, na redacción dada polo artigo 11 da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Declaran así mesmo o compromiso deste Concello de Vigo na procura dunha redución de residuos mediante o incremento das medidas que fomenten a recollida selectiva de residuos, orientada ao fomento da reciclaxe dos residuos en xeral e dos envases lixeiros en particular.

Vigo, na data das sinaturas dixitais que figuran ao marxe,

O concelleiro-Delegado de Limpeza
Asdo.- Javier Pardo Espiñeira
(Resolución da Alcaldía de 09/07/2018)

O Concelleiro-Delegado de Facenda
Asdo.- Jaime Aneiros Pereira
(Resolución da Alcaldía de 19/06/2015)





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

- 1 -

INFORME ECONÓMICO DO CUSTO DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DO LIXO PARA O ANO 2020

I. INTRODUCCIÓN.

O presente traballo pretende realizar un pomenorizado estudo do custo actual deste servizo, así como estimar a súa evolución probable durante o próximo ano 2020, co obxecto de establecer a taxa necesaria para a súa financiación en base a uns criterios que proporcionen a cobertura total ou parcial de dito custo.

De conformidade co art.24.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, tómanse en consideración para o presente estudo, a totalidade dos custos tanto directos como indirectos, que contribúen á formación do custo do servizo ou actividade, incluso os de carácter financeiro, amortización de inmovilizado e os necesarios para garantir o mantemento e o desenvolvemento razoable do servizo.

Os datos para a confección deste estudo foron extraídos principalmente do orzamento de gastos do ano 2019, xa que, é o documento que mellor revela os custos de funcionamento dos servizos no presente exercicio, trasladándose unha serie de custos que coinciden exactamente coas aplicacións orzamentarias, e outros que se computan de modo parcial, atendendo á estrutura e dinámica do Servizo, así como a súa incidencia nos custes xerais de organización do Concello.

II. DESCRICIÓN DO SERVIZO.

Trátase dun servizo que, de acordo co previsto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pode ser financiado mediante o establecemento e xestión dunha taxa. A efectos de cuantificación do custo considérase como un centro de custo final.

III.DETERMINACIÓN DO CUSTO TOTAL DO SERVIZO PARA O ANO 2019

Utilizando a información contida no orzamento do ano 2019 e outros datos complementarios, determínase o custo do servizo segundo a seguinte estrutura:

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS

- 1. Custos de persoal**
- 2. Compras correntes de bens e servizos**
- 3. Custos de tratamento (planta de transferencia)**
- 4. Imputación custos centros mediais**
- 5. Imputación custos servizos xerais**

B) CUSTOS EXTRAORZAMENTARIOS





A continuación establécese a estrutura orzamentaria mencionada anteriormente para calcula-lo custo:

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS

1. CUSTOS DE PERSOAL.

Compútase, neste apartado, a totalidade das retribucións recibidas polos traballadores do Servizo de Limpeza Municipal (Nómina, pagas extras, etc.) e os custos da Seguridade Social que soporta o Concello. No caso de persoal que non estea integramente dedicado a este servizo de xestión dos residuos domésticos, imputáselle o custo correspondente á adicación atribuída ó mesmo.

1.1. Persoal do Servizo de Limpeza

Segundo informe do Xefe do servizo o persoal e a adicación á recollida domiciliaria é a seguinte:

1	Xefe servizo	68.714,22€	50,00%
1	Auxiliar	35.332,78€	50,00%
1	Auxiliar	31.090,54€	50,00%
1	Oficial	35.332,78€	100,00%
1	Inspector auxiliar	34.714,52€	100,00%
1	Vixiante	30.157,06€	100,00%
		TOTAL	167.773,13€

1.2 Porcentaxe correspondente de Fondo de Pensións, Fondo Social e Formación

(Reparto en función do número de traballadores do Servizo de limpeza adicado á recollida de lixo respecto do número total de traballadores do Concello)

2210.1270000	Aportación ao Plan de Pensións	553.115,00€
2210.1600800	Asistencia Médica do persoal	178.500,00€
2210.1600801	Asistencia Médico Farmacéutica	601,01€
2210.1610302	Complemento de Pensións	5.469,44€
2210.1610400	Reserva para xubilación anticipada	41.121,04€
2210.1620400	Fondo Social	430.000,00€
2210.1620500	Seguro de vida e accidentes	123.000,00€
		TOTAL 1.331.806,49€
0,42% s/ 1.331.806,49€		5.593,59€

1.3 Outros custos de persoal contidos no programa 9200: Administración Xeral

(Reparto en función do número de traballadores do Servizo de limpeza adicado á recollida de lixo respecto do número total de traballadores do Concello)

9200.1300000	Persoal laboral Admón. Xeral	103.184,82 €
9200.1400000	Funcionarios Interinos sen praza	2.411.130,61 €
9200.1410000	Indemnizacións por sentencias Xudiciais	72.000,00 €
9200.1410100	ILT	1.000,00 €
9200.1430001	Indefinidos por sentenxa sen praza	500.000,00 €
9200.1500000	Produtividade	650.000,00 €
9200.1510000	Gratificacións	550.000,00 €
9200.1620400	Actividades culturais e deportivas	6.010,12 €
		TOTAL 4.293.325,55€
0,42 % s/ 4.293.325,55€		18.031,97€





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

Total custos de persoal 2019 =

191.398,69 €

2. COMPRAS CORRENTES DE BENS E SERVIZOS

Relaciónanse a continuación os custos anuais previstos para 2020 da recollida do lixo, en base a información facilitada polo Servizo de Limpeza dos datos obrantes no expediente de contratación e ao orzamento municipal:

2.1. Xestión do servizo de recollida domiciliaria. (1621.2270000)	7.577.292,16€
2.2 Xestión do servizo de mantemento de colectores. (1621.2270012)	2.900.504,58€
2.3 Sinalización espazos de colectores de recollida. (1621.2219901)	6.010,12€
2.4 Recollida Selectiva do lixo (1621.2270015)	1.853.957,01€
2.5 Mantemento estación de extracción (1622.2130000)	15.025,30€
2.6 Mantemento selado zondal (1622.213001)	6.010,12€
2.7 Xestión de residuos de verquidos incontrolados (1721.2270003)	9.000,00€
2.8 Xestión de residuos perigosos e punto limpo (1721.2270000)	9.000,00€
2.9 Imputación de custos ao Servizo de Limpeza do programa (9200)*	32.932,94€

* Imputación de custos ao Servizo de Limpeza segundo diferentes criterios dos importes contidos nos programas 9200: Administración Xeral do Orzamento de 2019:

- Criterio de número de traballadores do Servizo de limpeza adicado á recollida de lixo respecto do número total de traballadores do Concello.

Porcentaxe 0,42%

- Criterio de superficie ocupada polo Servizo respecto da superficie total da Casa do Concello

Porcentaxe 1,07%

$$0,42 \% \text{ s/ } 582.238,35\text{€} + 1,07 \% \text{ s/ } 2.849.303,11\text{€} = 32.932,94\text{€}$$

APLICACIÓN 9200)

	IMPORTE 2019
9200.2200100 Libros e publicacións	53.000,00 €
9200.2090000 Cánones, patentes e prop.industrial	5.000,00 €
9200.2219901 Adquisición e reposición de gafas	1.000,00 €
9200.2240000 Seguro de responsabilidade civil	237.238,35€
9200.2250000 Tributos a cargo do Concello	3.000,00€
9200.2260200 Publicación de anuncios	5.000,00 €
9200.2260300 Publicacións en diarios oficiais	5.000,00 €
9200.2260400 Gastos Xudiciais e Notariais	115.000,00 €
9200.2269901 Indemnizacións a cargo do Concello	150.000,00 €
9200.2279910 Asistencias técnicas proxectos	2.000,00 €
9200.2302000 Dietas persoal	4.000,00 €
9200.2310000 Gastos locomoción cargos electos	2.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2019 10:59

Páxina 3 de 10

Expediente 2586/500

CSV: 2CE3C1-4EB7DD-5E21A3-U7WVEV-A8H7QA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



TOTAL 582.238,35 €

APLICACIÓN 9200)	IMPORTE 2019
9200.2020000 Aluguer de inmobles	5.000,00 €
9200.2120000 Conservación e rep. dependencias Mun.	80.000,00 €
9200.2120001 Obras plan autoprotección	10.000,00 €
9200.2130000 Reparación e mantemento calefacción	10.000,00 €
9200.2130001 Reparacións eléctricas edif. Concello	10.000,00 €
9200.2130004 Mantemento e Reparación fotocopiadoras	5.000,00 €
9200.2150000 Reparación e conservación mobiliario	4.000,00 €
9200.2190000 Reparación e mantemento doutro inm. mat.	4.000,00 €
9200.2210000 Sumin. Enerx. Eléctrica Casa do Concello (895.521,49€)	197.014,73 €* * 22% de tódalas dependencias municipais,
9200.2210300 Combustibles Casa consistorial	20.000,00 €
9200.2211000 Produtos limpeza e aseo	3.005,06€
9200.2211200 Material mantemento alumeadado edificio	2.200,00 €
9200.2220000 Gastos teléfono edif. Concello (460.000,00€)	460.000,00 €**
** Estimación Servizo Informática	
9200.2240002 Seguro Inmobles	60.000,00 €
9200.2270000 Limpeza Casa do Concello	1.915.000,00€
9200.2279900 Conserv. e mantemento ascensores	45.000,00 €
9200.2279901 Conserv. e mantemento de climatización	6.000,00 €
9200.2279902 Mantemento SAI	5.000,00 €
9200.2279903 Mantemento extintores	1.083,32 €
9200.2279906 Mantemento fotocopiadoras GATSA	2.000,00 €
9200.2279907 Mantemento fotocopiadoras CANON	5.000,00€
TOTAL	2.849.303,11 €

Total 2. Compras correntes de bens e servizos

12.409.732,32€

3. CUSTOS DE TRATAMENTO (PLANTA DE TRANSFERENCIA)

Segundo Contrato con SOGAMA e por aplicación da bonificación recollida na Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro e aprobada para o exercicio 2019 na Resolución da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda de 15/01/2019, o prezo unitario por Tm de RSU retirada é para o ano 2019 de 62,93 €/Tm (máis iva), que resulta da redución de 6,9€/Tm sobre o canon aprobado de 69,83€.

Para o exercicio 2020 prevese unha actualización do canon segundo a variación do IPC do exercicio 2019 (estímase idéntica á de 2018: 1,2%): $69,83 \times 1,012 = 70,67€$

Sobre ese canon actualizado prevese, ao igual que en 2019, unha bonificación do 10% (respecto do canon aprobado en 2019); por tanto: $70,67€ - 6,98€ = 63,69€$

Canon 2020 = $63,69€ + 10\% \text{ IVE} = 70,06€$

Pola súa parte, a estimación de recollida de RSU domésticos para o ano 2019 calcúlase en base a información do ano anterior facilitada polo Servizo de Limpeza, e estimando (segundo o propio Servizo de Limpeza) un incremento medio anual do 1% na produción de residuos: 116.509,17 Tm

$116.509,17 \text{ Tm} \times 70,06 \text{ €/Tm} = 8.162.632,45 \text{ €}$





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

4. IMPUTACIÓN DE CUSTOS DE SERVIZOS MUNICIPAIS IMPLICADOS

4.1. Xestión e Inspección Tributaria (Xestión tributaria, Xestión Catastral, Inspección de Tributos e Dirección de Ingresos):

Segundo datos aportados polos citados servizos a confección e xestión do padrón do lixo supón aproximadamente un 30% da carga de traballo total. Procede, pois, a aplicación desta porcentaxe ó custo destes servizos. Segundo estudo de custos mediais que se achega, este ascendería para o exercicio 2019 a 2.785.134,47 €.

$$30\% \text{ s/ } 2.785.134,47 = \mathbf{835.540,34€}$$

4.2. Tesourería-Recadación:

Impútaselle unha porcentaxe do custo deste Servizo, establecendo a relación entre o número de recibos xestionados por esta taxa e o total de recibos emitidos polo Concello = 30,22 %

O custo deste Servizo para o ano 2019 estímase en 4.421.045,93€.

$$30,22\% \text{ s/ } 4.421.045,93 = \mathbf{1.336.040,08 €}$$

4.3 Administración Electrónica:

Segundo datos do servizo de Administración Electrónica, estímase nun 5% a carga de traballo adicada a procesos informáticos de xestión e recadación dos Padróns Fiscais da taxa de lixo. Procede, pois, a aplicación desta porcentaxe ó custo deste servizo. Segundo estudo de custos mediais que se achega, este ascendería para o exercicio 2019 a 1.928.412,15 €.

$$5\% \text{ s/ } 1.928.412,15€ = \mathbf{96.420,61€}$$

4.4 Rexistro Xeral e Atención Cidadá

Impútase unha porcentaxe dun 5% do custo dos Servizos de Rexistro Xeral e Atención Cidadá, pola tramitación de consultas e solicitudes en relación coa Taxa de Lixo.

Segundo estudo de custos mediais que se achega, os custos de estes servizos para 2019 estímase en:

REXISTRO XERAL	693.660,45€
ATENCIÓN CIDADÁ	580.243,83€

$$5\% \text{ s/ } 1.273.904,28€ = \mathbf{63.695,21 €}$$

4.5 Estatística

Impútase unha porcentaxe dun 5% do custo do Servizo de Estatística en base a súa participación en tarefas necesarias para a elaboración do padrón fiscal da taxa.

Segundo estudo de custos mediais que se achega, os custos de estes servizos para 2019 ascenden a:

$$5\% \text{ s/ } 622.778,31€ = \mathbf{31.138,91€}$$

4.6 Policía Local:

Segundo a Lei 22/2011 de 28 de xullo, de Residuos e Suelos Contaminados, na determinación dos custos de xestión dos residuos domésticos e comerciais xestionados polas Entidades Locais, deberá incluírse o custo total das operacións de recollida, transporte e tratamento, incluíndo a vixilancia destas operacións; polo que procede a imputación do custo desta vixilancia por parte da policía local.

Estímase unha adicación a esta actividade de 2 horas diarias por parte dunha patrulla da policía local.

$$2\text{horas/día} \times 365 \text{ días} \times 2\text{policías} \times 23,28 \text{ €/hora} = \mathbf{33.988,80 €}$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2019 10:59	Páxina 5 de 10
Expediente 2586/500	CSV: 2CE3C1-4EB7DD-5E21A3-U7WVEV-A8H7QA-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

5. IMPUTACIÓN DE CUSTOS DE SERVIZOS XERAIS DO CONCELLO

Impútase unha porcentaxe do 0,42% (en base ao criterio de número de traballadores directa ou indirectamente adicados a este Servizo de Recollida, Transporte e Tratamento do Lixo, respecto do número total de traballadores do Concello) do custo dos restantes Servizos Xerais do Concello,

Segundo estudo-resumo de custos de centros mediais, estes custos ascenderían para o exercicio 2019 a:

- SECRETARÍA XERAL	322.066,79 €
- CONSERXERÍA	1.008.248,65 €
- ASESORÍA XURÍDICA	742.226,04 €
- ARQUIVO XERAL	522.553,34 €
- PERSOAL	1.465.100,51 €
- INTERVENCIÓN XERAL E CONTABILIDADE	939.192,56 €
- PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	1.354.871,61 €
- TRIBUNAL ECONÓMICO	314.930,07 €
- ÓRGANOS DE GOBERNO	<u>5.295.114,12</u>
	11.964.303,69 €

0,42 % s/ 11.964.303,69€= **50.250,07 €**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2019 10:59

Páxina 6 de 10

Expediente 2586/500

CSV: 2CE3C1-4EB7DD-5E21A3-U7WVEV-A8H7QA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

-7-

**RESUMO DE CUSTOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE
E TRATAMENTO DO LIXO PARA O ANO 2020**

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS	23.210.837,48 €
1. CUSTOS DE PERSOAL	191.398,69€
2. COMPRAS DE BENS E SERVIZOS	12.409.732,32€
3. CUSTOS TRATAMENTO(PLANTA TRANSFERENCIA)	8.162.632,45€
4. IMPUTACION CUSTOS SERVICIOS IMPLICADOS	2.396.823,95 €
5. IMPUTACION CUSTOS DE SERVICIOS XERAIS	50.250,07 €
TOTAL CUSTO PARA 2020 =	<u>23.210.837,48 €</u>





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

- 8 -

Unha vez determinado o custo en base a anterior estrutura, recóllese tamén a estrutura dos citados custos, segundo a súa clasificación en fixos e variables ou nos correspondentes a Recollida e transporte e os derivados do Tratamento.

**ESTRUTURA DE CUSTOS DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE E
DE CUSTOS DE TRATAMENTO DO LIXO PARA O ANO 2020**

A) CUSTOS RECOLLIDA E TRANSPORTE 15.048.205,03€ (65%)

B) CUSTOS TRATAMENTO (SOGAMA) 8.162.632,45€ (35%)

TOTAL CUSTO PARA 2020 = 23.210.837,48 € (100%)





CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

DETERMINACIÓN DE TARIFAS DA TAXA DE LIXO PARA 2020 APLICANDO PRIMEIRO A “DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO PRIMEIRA DA LEI 11/2013 DE 26 DE DECEMBRO DE ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA 2014 (PUNTO 3 BIS)” AOS EXERCICIOS 2019 E 2020 E, POSTERIORMENTE, APLICANDO O ARTIGO 24.2 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS (TRLRFL)

A redución de custe para o Concello de Vigo **no exercicio 2019 respecto do exercicio 2018** estímase trala aplicación do canon bonificado por tonelada da seguinte forma:

O número total de toneladas de residuos enviadas a Sogama durante o exercicio 2018 ascendeu a un total de 114.213,48 Tm .

Segundo o informe do xefe de servizo de limpeza do concello de Vigo, á vista da facturación dos tres primeiros meses do exercicio 2019, estímase que o incremento de residuos será para este ano dun 1%: en consecuencia 115.355,61 Tm en 2019 que teñen unha redución de custe para o concello de 6,90€ por Tm (7,59€/Tm co IVE incluído).

Segundo o anterior, **a redución de custe por tratamento de residuos que ten o concello de Vigo durante o exercicio 2019 ascende a 115.355,61 Tm x 7,59€/Tm = 875.549,12€**

Para repercutir esta redución nas tarifas que ingresan os contribuíntes, compre calcular o peso que esta cantidade ten en relación ao importe total que ingresan os contribuíntes ao concello de Vigo polos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos (16.950.000€ en 2019, segundo a previsión orzamentaria aprobada definitivamente en sesión de 26 de decembro de 2018).

$875.549,12 \div 16.950.000 = 0,0516$ o que significaría unha redución nas tarifas da ordenanza para 2019 dun 5,16%.

No texto da ordenanza fiscal a aprobar figura o resultado desta redución multiplicando a tarifa aplicada aos contribuíntes en 2019 por 0,9484 (1 - 0,0516).

Concluimos pois, que a traslación aos beneficiarios do servizo “do importe equivalente ao da bonificación”, 875.549,12€ implicaría unha redución na tarifa ingresada en 2019 dun 5,16%.

Para o cálculo da tarifa **que se aplicaría en 2020**, supoñemos que durante ese exercicio continuará o canon bonificado e, en consecuencia, na tarifa a calcular incluírase tanto a redución non aplicada aos contribuíntes no exercicio 2019 como a que corresponderá polo exercicio 2020.

Partindo das 115.355,61 Tm estimadas para 2019 incrementándoas nun 1% para 2020 e considerando que a actualización anual do canon de Sogama no mes de xaneiro de 2020 conforme ao IPC do ano 2019 podería ser da mesma contía que no ano 2018 (1,2%), operamos cos seguintes datos estimados para 2020.
 $115.355,61 \text{ Tm (2019)} \times 1,01 = 116.509,17 \text{ Tm (2020)}$

Canon 2019: $69,83€ \text{ Tm} \times 1,012 = 70,67€/\text{Tm}$ de canon actualizado a 2020.

Redución do 10% sobre o canon actualizado do ano 2019, estimada para 2020: $6,98€/\text{Tm}$ (7,68€/Tm co IVE incluído)

Segundo o anterior, **a redución de custe por tratamento de residuos que terá o concello de Vigo durante o exercicio 2020 ascenderá a 116.509,17 Tm x 7,68€/Tm = 894.790,43€**

Para repercutir esta redución nas tarifas que ingresarán os contribuíntes, compre calcular o peso que esta cantidade ten en relación ao importe total que ingresarán os contribuíntes ao concello de Vigo polos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos ($16.950.000€ - 875.549,12 = 16.074.450,88€$ en 2020, previsión orzamentaria aprobada definitivamente en sesión de 26 de decembro de 2018 menos a redución de ingresos da taxa calculada anteriormente para 2019).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2019 10:59	Páxina 9 de 10
Expediente 2586/500	CSV: 2CE3C1-4EB7DD-5E21A3-U7WVEV-A8H7QA-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
-Dirección de Ingresos-

-
10-

$894.790,43€ \div 16.074.450,88 = 0,05566$ o que significaría unha redución nas tarifas da ordenanza para 2020 do 5,57%.

No texto da ordenanza fiscal a aprobar figura o resultado desta redución multiplicando a tarifa calculada previamente para 2019 X 0,9444 (1 - 0,0556).

Concluimos pois, que a traslación aos beneficiarios do servizo “da previsión do importe equivalente da bonificación no canon para 2020”, xunto coa compensación aos contribuíntes operada previamente para 2019, realízase multiplicando a tarifa calculada para 2019 por 0,9444.

Segundo o disposto no artigo 24.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL “o importe das taxas pola prestación dun servizo o a realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida”

Coa tarifa calculada previamente para 2020, aplicando de forma sucesiva as reducións de canon do exercicio 2019 e 2020, a estimación de ingresos por esta taxa para 2020 sería de 16.950.000 – 875.549,12 – 894.790,43 = 15.179.660,45 (15.250.000€ de ingresos previsible para 2020 prevendo un incremento por mellora de xestión).

Segundo o estudo económico que obra no expediente a estimación de custes para 2020 ascende a 23.210.837,48€ correspondendo 8.162.632,45€ a custes de tratamento e 15.048.205,04€ a custes de recollida e transporte.

Se os ingresos previstos, foran finalmente, de 15.250.000€ cubriríase o 100% do custe de tratamento de residuos ou canon de Sogama (o custe previsto para 2020 segundo estudo económico que figura no expediente ascenderá 8.162.632,45€) e un 47,10% do custe dos servizos de recollida e transporte de residuos (o custe previsto para 2020 segundo estudo económico que figura no expediente ascenderá a 15.048.205,03€).

Segundo o citado artigo 24.2 do TRLRFL “para a determinación do importe das taxas tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do orzamento u organismo que o satisfaga”.

En consecuencia, por aplicación do citado artigo 24.2 e con motivo da moi insuficiente cobertura de custes de recollida e transporte (47,10%), substitúese a tarifa previamente calculada para 2020 pola que figura na ordenanza fiscal como “tarifa a aplicar no exercicio 2020” que xerará uns **ingresos estimados de 17.350.000€ (12.100.000€ en concepto de lixo vivendas e 5.250.000€ por lixo comercial) que permitirán financiar o 100% do custe de tratamento (8.162.632,45€) e o 61,05% do custe de recollida e transporte (15.048.205,03).**

Os ingresos estimados calcúlanse en base ás tarifas propostas para o ano 2020 (que supoñen unha actualización do 2,5% sobre as tarifas vixentes dende 01 de xaneiro de 2018 e aprobadas en sesión plenaria de 06 de setembro de 2017), os datos de referencia dos Padróns Fiscais de 2019 (11.774.776,20€ e 5.088.475,44€), así como un incremento por mellora de xestión.

Asimismo, os ingresos por venda de materiais reciclables constan no orzamento do ano 2019 cunha previsión de 1.080.000€, e estímense en idéntica contía para 2020.

En consecuencia, os ingresos previstos por esta taxa non exceden do custo do servizo.

Asinan dixitalmente
O Técnico de Servizos Económicos

CONFORMA, A Directora de Ingresos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2019 10:59

Páxina 10 de 10

Expediente 2586/500

CSV: 2CE3C1-4EB7DD-5E21A3-U7WVEV-A8H7QA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



ORDENANZA N° 16:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DO LIXO. 2019

ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Vigo, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos y Suelos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda.

3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

ARTIGO 2 SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades

ORDENANZA N° 16:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DO LIXO. 2020



locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004.

ARTIGO 3 RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente do pagamento desta taxa xunto cos suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os beneficiarios da prestación do servizo por utilizar ou ocupar as vivendas ou locais.

2. En materia de responsabilidade será de aplicación o artigo 24 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello.

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.064 € e 6.360 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.



o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a custodio/a e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un



coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios.

2. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

3. Así mesmo, gozarán de bonificación de 5% os establecementos comprendidos nos apartados B, C e D, que acrediten que contan con espazo interior destinado aos contedores de lixo. Para gozar desta bonificación, deberán presentar na Admón. de Tributos solicitude acompañada de plano dilixenciado pola Xerencia Municipal de Urbanismo en tal sentido, con anterioridade o devengo da taxa.

4. As solicitudes de bonificación ou exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

De presentarse algunha solicitude de bonificación e/ou exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel en que fora formulada.

No caso de familias numerosas o prazo do 31 de decembro amplíase ata o 31 de xaneiro.

5. Nos casos de falecemento, modificación do enderezo ou outra circunstancia que puxera de manifesto no primeiro cuatrimestre do ano a improcedencia da exención, a Administración tributaria de oficio procederá a incluír no Padrón Fiscal o correspondente recibo devengado o 1 de xaneiro

ARTIGO 5 COTA

1.1. A cota correspondente á recollida domiciliaria a vivendas consistirá nunha cantidade fixa anual.



1.2. Os establecementos comerciais industriais e profesionais con un volume de residuos superior a 1.000 litros/día depositarán estes nos colectores que determine o servizo municipal de limpeza, de acordo coas necesidades de organización do citado servizo segundo a zoa ou rúa, e, tributarán por esta taxa conforme ao punto D do apartado 2 deste artigo.

1.3. No caso de locais de uso distinto a vivenda que se atopen sen actividade aplicarase a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda, conforme se dispón no artigo 1º apartado 2 desta ordenanza.

1.4. Para a aplicación desta taxa, considerarase que a superficie de local ou establecemento é a delimitada polo seu perímetro interior.

1.5. No suposto de que dentro dunha vivenda se realice actividade económica, aplicarase á cota correspondente á actividade realizada segundo os epígrafes B e C do apartado 2 deste artigo.

1.6. No caso de que unha sociedade ou persoa física realice varias actividades nun mesmo local, aplicarase unha soa cota das sinaladas no apartado 2 deste artigo. Procederá a aplicación daquela que resulte de maior importe entre as de aplicación ás actividades desenvolvidas.

Aos efectos do disposto nesta ordenanza, considerase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal empregado dende zoas comúns ou dende vía pública.

1.7. No caso de que varias persoas xurídicas ou persoas físicas realicen cadansúa actividade compartindo un mesmo local, procederá a cada unha delas a cota que resulte de aplicación segundo o apartado 2, epígrafes B, C e D, do presente artigo, reducida nun 30 %. Exceptúase desta redución do 30 % aquelas actividades con volume de residuos superior a 1.000 litros/día, nas que se aplicará o apartado 2 epígrafe D do presente artigo.



Entenderase, aos efectos da aplicación deste apartado, que un local é compartido, cando exista comunicación interior entre as dependencias nas que se desenvolven as diferentes actividades, podendo accederse directamente dunhas a outras. Igualmente, considérase que dúas ou máis actividades de diferentes titulares comparten local cando ocupan espazos diferenciados, aínda que non exista delimitación física.

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

CÓDIGO- CONCEPTO

139 Cota anual

EUROS

86,90

B). ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO CONCEPTO

1	Accesorios e vehículos, venda.	453,75
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	227,20
43	Almacéns frigoríficos e outros.	2.345,20
5	Artigos de pel, peleterías.	268,65
6	Artigos de viaxe.	289,15
7	Axencias de viaxe.	227,20
8	Bancos.	1.308,35
9	Bares e cafés de categoría especial.	473,60
91	Outros cafés e bares.	269,70
124	Bibliotecas, museos. salas de arte.	173,90
11	Bingos e outros xogos de azar	1.184,95
12	Bixuterías.	183,90
14	Bombonerías.	227,20
15	Cadros e molduras, lámparas.	270,80
16	Cafeterías.	792,80
17	Carnicerías	420,15
19	Cines.	524,00
20	Clubs, peñas e asociacións culturais.	173,90
21	Colexios e academias de ensino, por planta.	173,90
22	Ídem. Ídem. con internado, por planta.	183,90
23	Colexios profesionais.	255,80
24	Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	338,25
10	Comercio menor toda clase artigos, por planta.	473,60
140	Comercio menor toda clase de artigos de	

2. A estrutura tarifaria, obtida segundo os cálculos que se detallan na Disposición Adicional desta ordenanza, dando cumprimento á disposición adicional vixésimo primeira da lei 11/2013 de 26 de decembro de Orzamentos da C.A. Galicia para 2014 así como ao artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais é a seguinte:

A) VIVENDAS

CÓDIGO-CONCEPTO

139 Cota anual

EUROS

89,10

B) ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO-CONCEPTO

1	Accesorios e vehículos, venda.	465,15
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	232,90
43	Almacéns frigoríficos e outros.	2.404,05
5	Artigos de pel, peleterías.	275,40
6	Artigos de viaxe.	296,40
7	Axencias de viaxe.	232,90
8	Bancos.	1.341,20
9	Bares e cafés de categoría especial.	485,50
91	Outros cafés e bares.	276,45
124	Bibliotecas, museos. salas de arte.	178,25
11	Bingos e outros xogos de azar	1.214,70
12	Bixuterías.	188,50
14	Bombonerías.	232,90
15	Cadros e molduras, lámparas.	277,60
16	Cafeterías.	812,70
17	Carnicerías	430,70
19	Cines.	537,15
20	Clubs, peñas e asociacións culturais.	178,25
21	Colexios e academias de ensino, por planta.	178,25
22	Ídem. Ídem. con internado, por planta.	188,50
23	Colexios profesionais.	262,20
24	Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	346,75
10	Comercio menor toda clase artigos, por planta.	485,50

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS****CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA****CONCELLO
DE VIGO**

superficie inferior a 75 m2.	419,35	140 Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	429,85
25 Confeiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	370,15	25 Confeiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	379,45
73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	173,90	73 Confeiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	178,25
26 Consultorios.	227,20	26 Consultorios.	232,90
125 Clínicas de día sen hospitalización.	454,70	125 Clínicas de día sen hospitalización.	466,10
27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	269,70	27 Corte e confección, modistas e xastrerías.	276,45
28 Cristalerías.	255,80	28 Cristalerías.	262,20
29 Churrerías.	173,90	29 Churrerías.	178,25
30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	269,70	30 Depósitos e almacéns pechados ó público.	276,45
31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	380,00	31 Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	389,55
32 Discotecas.	1.118,50	32 Discotecas.	1.146,55
33 Droguerías.	326,25	33 Droguerías.	334,45
34 Efectos navais.	454,70	34 Efectos navais.	466,10
35 Estacións de servizo.	681,35	35 Estacións de servizo.	698,45
36 Estancos.	173,90	36 Estancos.	178,25
37 Estudios fotográficos.	183,90	37 Estudios fotográficos.	188,50
38 Farmacias e laboratorios.	269,70	38 Farmacias e laboratorios.	276,45
39 Ferrancharías, chatarrerías.	370,15	39 Ferrancharías, chatarrerías.	379,45
40 Ferreterías.	454,70	40 Ferreterías.	466,10
41 Florerías e paxarerías.	200,30	41 Florerías e paxarerías.	205,35
42 Fotografía, venda de material.	365,65	42 Fotografía, venda de material.	374,85
44 Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	227,20	44 Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	232,90
151 Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	454,45	151 Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	465,85
